

**Dirección Xeral de Formación Profesional e
Ensinanzas Especiais**

**Probas de acceso a ciclos formativos
de grao medio**

Parte sociocultural

Lingua castelá e literatura

Índice

1.Formato e duración.....	3
2.Exercicio	3
Pregunta 1.....	3
Pregunta 2.....	3
Pregunta 3.....	4
3.Solución completa con pautas de corrección e de puntuación	4
Pregunta 1.....	4
Pregunta 2.....	5
Pregunta 3.....	5

1. Formato e duración

A proba constará de tres preguntas, divididas á súa vez en diversos apartados.

Este exercicio terá unha duración dunha hora.

2. Exercicio

Pregunta 1

La población de residentes en España nacidos en otro país ha pasado de 353.367 (censo de 1991) a 1.572.017 (censo de 2001), es decir, que casi se ha quintuplicado. El incremento da cuenta de la mayor parte del crecimiento demográfico español en estos diez años, cercano a los dos millones de personas. Y además es el principal factor que compensa (en parte) la tendencia general al envejecimiento demográfico del país.

La razón de este **impulso rejuvenecedor** de la inmigración es doble. Por un lado, la población extranjera residente en España es un promedio más joven que el total español: el segmento de edad más representado entre los inmigrantes es de 25 a 34 años. Y, en segundo lugar, como esas son unas edades de alta fertilidad, imprimen también un impulso a la natalidad, lo que también tiende a rejuvenecer la pirámide poblacional

EL PAÍS DE LOS ESTUDIANTES, 19-12-2003

[3,00 puntos]

Lea el texto y conteste a las siguientes cuestiones.

- a) En los últimos años, ¿ha variado la población de residentes en España? ¿en cuántos millones? [1,50 puntos]
- b) ¿Cuáles son las causas o razones del rejuvenecimiento de la población en España? ¿Cree que es beneficioso o perjudicial? ¿Por qué? [1,50 puntos]

Pregunta 2

[4,00 puntos]

A partir del texto, responda a las siguientes cuestiones (cuide la expresión y la ortografía).

- a) Póngale un título que exprese lo que usted considere que es la idea principal del texto. [1,00 punto]

- b) Resuma con sus palabras el contenido del texto en cuatro o cinco líneas. [2,00 puntos]
- c) Sustituya las palabras subrayadas por otras que signifiquen lo mismo en el texto. [1,00 punto]

Pregunta 3

[3,00 puntos]

- a) ¿De qué palabra deriva *rejuvenecedor*? ¿Podría decir otras cuatro que pertenezcan a la misma familia léxica? [1,50 puntos]
- b) Señale tres sustantivos y tres adjetivos que aparezcan en el texto y clasifícalos. [1,50 puntos]

3. Solución completa con pautas de corrección e de puntuación

Pregunta 1

La población de residentes en España nacidos en otro país ha pasado de 353.367 (censo de 1991) a 1.572.017 (censo de 2001), es decir, que casi se ha quintuplicado. El incremento da cuenta de la mayor parte del crecimiento demográfico español en estos diez años, cercano a los dos millones de personas. Y además es el principal factor que compensa (en parte) la tendencia general al envejecimiento demográfico del país.

La razón de este **impulso rejuvenecedor** de la inmigración es doble. Por un lado, la población extranjera residente en España es un promedio más joven que el total español: el segmento de edad más representado entre los inmigrantes es de 25 a 34 años. Y, en segundo lugar, como esas son unas edades de alta fertilidad, imprimen también un impulso a la natalidad, lo que también tiende a rejuvenecer la pirámide poblacional

EL PAÍS DE LOS ESTUDIANTES, 19-12-2003

- a) En los últimos años, ¿ha variado la población de residentes en España? ¿en cuántos millones? [1,50 puntos]
 - Sí. [0,50 puntos]
 - Aumentó en casi dos millones. [1,00 punto]
- b) ¿Cuáles son las causas o razones del rejuvenecimiento de la población en España? ¿Cree que es beneficioso o perjudicial? ¿Por qué? [1,50 puntos]
 - Dos razones fundamentales: una es que la población emigrante es joven (entre 24 y 35 años); otra e la alta tasa de fertilidad. [0,75 puntos]

- Beneficioso. [0,25 puntos]
- Porque se renueva la población. [0,25 puntos]
- Porque hay más afiliados a la Seguridad Social. [0,25 puntos]

Pregunta 2

- a) Póngale un título que exprese lo que usted considera que es la idea principal del texto [1,00 punto]
 - El aumento de la inmigración compensa el envejecimiento demográfico. [1,00 punto]
 - Aumento de la población en España. [0,50 puntos]
 - Rejuvenecimiento de la población. [0,50 puntos]
- b) Resuma con sus palabras el contenido del texto en cuatro o cinco líneas. [2,00 puntos]
 - La población española, entre 1991 y 2001, ha aumentado en casi dos millones de personas. Esto compensa la tendencia general al envejecimiento del país. La razón de este crecimiento se debe a que hay extranjeros jóvenes y en edad fértil.
- c) Sustituya las palabras subrayadas por otras que signifiquen lo mismo en el texto [1,00 punto]:
 - Aumento [0,50 puntos].
 - Elemento [0,50 puntos].

Pregunta 3

- a) ¿De qué palabra deriva rejuvenecedor? ¿Podría decir otras tres que pertenezcan a la misma familia? [1,50 puntos]:
 - Deriva de *joven*. [0,50 puntos]
 - *Juvenil, rejuvenecer, juventud y jovial*. [1,00 punto]
- b) Señale tres sustantivos y tres adjetivos que aparezcan en el texto y clasifíquelos. [1,50 puntos]:
 - Población, España, abstracto, país (...) / residentes, demográfico, español (...) [0,75 puntos]
 - Si los clasifica (concretos, abstractos, propios, comunes... / calificativo, explicativo, específico): [0,75 puntos]

**Dirección Xeral de Formación Profesional e
Ensinanzas Especiais**

**Probas de acceso a ciclos formativos
de grao medio**

Parte sociocultural

Lingua galega e literatura

Índice

1.Formato e duración.....	3
2.Exercicio	3
Pregunta 1.....	3
Pregunta 2.....	4
Pregunta 3.....	4
Pregunta 4.....	4
Pregunta 5.....	4
3.Solución completa con pautas de corrección e de puntuación	4
Pregunta 1.....	4
Pregunta 2.....	5
Pregunta 3.....	5
Pregunta 4.....	5
Pregunta 5.....	6

1. Formato e duración

A proba constará dun texto e cinco preguntas relacionadas con algún aspecto do texto.

Este exercicio terá unha duración de corenta e cinco minutos.

2. Exercicio

“Antes, non sei cando, eu adoitaba ir ver os partidos. Eu era unha desas caras. Non sei cando, antes. Eu era deses que berran. Pero agora son xogador. E non podo velos. A pesar da calor, cando un mira as bancadas non distingue case nada. Todo está escuro alá arriba. Adiviñas, máis ca ves, unhas faces escuras que se che antollan crueis. Tal vez sexa o xogo das luces e das sombras o que os faga parecer deformes. Nesas caras brillan uns ollos infames e tristísimos. Entre todas elas non hai un rostro amigo. Aquí non son ninguén, son un descoñecido e, sen embargo coñécenme. Saben quen son. Pronuncian o meu nome. Saben tan ben quen son que ata saben cousas que nunca contei, e bérranas. Berran tódalas miñas faltas, os meus defectos. Coréanas. Berran o meu nome, ah, e berran o teu. Saben tan ben quen son que ata saben cousas que nin eu sabía, que eu cría non saber. E as súas figuras deformes, xorobadas, retortas, a penas se perciben.

Os xogadores do outro equipo son salvaxes. Empuxan, agarran, dan golpes, cargan, cravan as botas no peito. O árbitro, todo vestido de negro como a noite, altísimo, imponente, déixalles facer. Cheguei a pensar que, en vez dun xogador de fútbol, eu era un gladiador nun circo romano. Ás veces saca a alguén en padiolas, sangrando pola boca, botando escuma, cos ollos en branco. Entón o árbitro fai un xesto divertido e saca unha tarxeta amarela.”

Xosé Miranda. *Tarxeta vermella.*

Pregunta 1

[3,00 puntos: 2,00 polo resumo e 1,00 polo título].

Sintetice brevemente o texto. Escriba un título relacionado coa idea principal do texto.

Pregunta 2

[2,00 puntos: 0,50 por cada palabra ben definida]

Explique o significado das palabras subliñadas.

Pregunta 3

[1,00 punto: 0,25 por cada palabra ben explicada]

Xustifique a acentuación das seguintes palabras: “bérranas”, “ninguén”, “máis”, “sabía”.

Pregunta 4

[1,00 punto: 0,25 por cada forma correcta]

Tire do texto catro formas verbais en presente de indicativo.

Pregunta 5

[3,00 puntos: terase en conta a presentación, a caligrafía lexible e as marxes, a puntuación e a coherencia da redacción, a boa organización e ordenación en parágrafos, a congruencia, a cohesión e a boa ortografía]

Redacte a súa opinión sobre a violencia no fútbol (10 liñas aproximadamente).

3. Solución completa con pautas de corrección e de puntuación

Pregunta 1

Resumo [2,00 puntos]. Valórase a capacidade de síntese [0,50 puntos], a propiedade expresiva [0,50 puntos], a interpretación correcta do texto [0,50 puntos] e a redacción [0,50 puntos].

Exemplo: “Un xogador de fútbol conta as súas experiencias. Nun primeiro momento lembra cando era un simple espectador. Logo comenta as reaccións do público cando el é xogador e está no campo de xogo. Describe tamén diversas situacións violentas, que xorden nun partido de fútbol.”

Título [1,00 punto]. Valorarase a capacidade de resumir e localizar a idea principal ou as ideas principais do texto: identificación da idea principal [0,50 puntos], enunciación correcta dun título [0,50 puntos]. Admitiranse moi diversas posibilidades, sempre e cando sexan breves e teñan relación directa co tema do texto: “O xogador”, “ Sensacións dun futbolista”, “ A violencia no fútbol”, etc.

Pregunta 2

[2,00 puntos: 0,50 cada palabra ben]. Admítense sinónimos, pero en ningún caso recorrer ao castelán, nin traducindo a palabra en cuestión nin explicando nesa lingua o significado.

Bancada(s): *conxunto de asentos ou bancos colocados en fileiras, habituais nos estadios deportivos e nos lugares de espectáculos públicos, e, por extensión, a xente que os ocupa*. Non son aceptables como sinónimos **grada* nin **graderío*, por seren palabras castelás.

Face(s): *parte anterior da cabeza dunha persoa e de determinados animais*. Sinónimos: *rostro, faciana, cara*.

Padiola(s): *plataforma ou armazón dotada dunha tea, colchoneta ou similar, a modo de pequena cama lixeira e portátil, que se utiliza para transportar persoas enfermas, lesionadas ou impedidas*. Sinónimo: *angarellas*. Non se admite **camilla*, por castelanismo léxico, nin **camiña*, por calco semántico.

Escuma: *conxunto de burbullas que aparecen no cuspe expulsado por animais ou persoas, ou en calquera líquido ao axitalo, ao movelo, ao fervero ou ao bater nel*. Sinónimo: *espuma*.

Pregunta 3

[1,00 punto: 0,25 cada palabra ben explicada]

“Bérranas”: é palabra esdrúxula (as palabras esdrúxulas acentúanse sempre).

“Ninguén”: é palabra grave rematada en consoante –n.

“Máis”: aínda que como monosilábica que é non se debería acentuar esta palabra aplicando as regras xerais, aplícaselle un til diacrítico para marcar a pronuncia tónica deste adverbio de cantidade, e diferenciala da pronuncia átona da conxunción adversativa *mais*, que se escribe sen til.

“Sabía”: acentúase para marcar que as vogais contiguas “i” e “a” forman un hiato; é dicir, que se pronuncian en sílabas diferentes. Neste caso tamén é habitual que se explique dicindo que o til se usa para desfacer o ditongo entre as dúas vogais, o que tamén é unha resposta aceptable. Unha terceira formulación, igualmente aceptable, é a seguinte: acentúase graficamente todo “i” ou “u” tónico acompañado por unha vogal coa que non forma sílaba.

Pregunta 4

[1,00 punto: 0,25 cada forma correcta]

Deberán ser catro formas de entre as seguintes: *sei, berran, son, mira, distingue, está, adiviñas, ves, antollan, brillan, hai, coñecen, saben, pronuncian, corean, perciben, empuxan, agarran, dan, cargan, cravan, deixa, saca, fai*.

Pregunta 5

[3,00 puntos]

Nesta pregunta valorarase a maneira en que a persoa examinada redacte a opinión que se lle pide. Obviamente, non se pode achegar aquí un texto patrón, pois cada aspirante comporará un diferente. Aínda así engadimos algúns criterios de cuantificación: redacción [0,50 puntos], ortografía [0,50 puntos], creatividade [0,50 puntos], presentación [0,50 puntos], dominio do vocabulario [0,50 puntos] e coherencia expresiva [0,50 puntos].

Xa que logo, indícanse unicamente unhas pautas relativas a presentación, caligrafía, ortografía, vocabulario empregado, precisión nos termos, puntuación, etc., coa intención de que a corrección realizada polos diferentes correctores sexa homoxénea:

Considerarase como falta leve, penalizada con 0,05 puntos, cada caso de uso incorrecto dos tiles, de uso de variantes dialectais, coloquialismos e imprecisións léxicas, así como a mala caligrafía xeral.

Considerarase falta grave, penalizada con 0,1 puntos, cada caso de erro ortográfico como “b/v” ou presenza ou ausencia de “h”, cada erro de puntuación, a falta de marxes e a presenza de borróns.

Considerarase falta moi grave, penalizada con 0,2 puntos, aquela que vaia contra o sistema do idioma, como o uso de formas compostas, o uso de grafías impropias sen xustificación (y, j, ç, etc.), mala colocación do pronome átono ou a non utilización de maiúsculas cando corresponda.

**Dirección Xeral de Formación Profesional e
Ensinanzas Especiais**

**Probas de acceso a ciclos formativos
de grao medio**

Parte científico-tecnolóxica

Índice

1.Formato e duración.....	3
2.Exercicio	3
Exercicio 1.....	3
Exercicio 2.....	4
Exercicio 3.....	4
Exercicio 4.....	5
Exercicio 5.....	5
Exercicio 6.....	6
Exercicio 7.....	6
3.Solución completa con pautas de corrección e de puntuación	8
Exercicio 1.....	8
Exercicio 2.....	9
Exercicio 3.....	10
Exercicio 4.....	10
Exercicio 5.....	11
Exercicio 6.....	12
Exercicio 7.....	13

1. Formato e duración

A proba está constituída por un número de preguntas entre 7 e 10. Á súa vez, cada pregunta pode constar de varias cuestións.


A duración da proba será dunha hora e media.

Non está permitido o uso de calculadora. É conveniente acudir á proba con material de debuxo (regras, compás, etc.), aínda que o seu uso non será imprescindible.

2. Exercicio

Exercicio 1

O seguinte gráfico amosa os quilogramos de residuos por cada persoa e ano en varios países do mundo, nun determinado ano.



Na seguinte táboa amósase o que se fixo co lixo en España no mesmo ano:

Incineración sen recuperación de enerxía	1 %
Incineración con recuperación de enerxía	3 %
Compostaxe	12 %
Vertido controlado	59 %
Vertido incontrolado	25 %

Responda ás seguintes cuestións [1,50 puntos: 0,75 a primeira e 0,25 as tres restantes]

- a) Sabendo que no ano ao que están referidos os datos a poboación de España era 39.000.000 de habitantes, a de Portugal 9.884.000 habitantes e a de EE UU 263.000.000 habitantes, cantas toneladas de lixo se produciron en España nese ano? Cantas en Portugal? Cantas nos EE UU?
- b) Cantas toneladas de lixo se incineraron en España sen recuperación de enerxía nese ano?
- c) Nese ano en España consumíronse cinco millóns de toneladas de papel. Dous quintos desa cantidade foron reciclados. Cantas toneladas se reciclaron?
- d) Debuxe un diagrama de sectores que represente o que se fixo co lixo durante ese ano en España.

Exercicio 2

Responda ás seguintes cuestións [0,75 puntos: 0,25 puntos cada un]

Unha colección de vídeos ten 80 títulos. Os dous primeiros saen como promoción a 12 EUR, dous terzos do resto véndense a 12,50 EUR cada un, e o resto véndese a 13 EUR cada un.

- a) Se mercamos só os primeiros 55 vídeos, canto nos custarán?
- b) Cal é o prezo completo da colección?
- c) Canto debería custar cada vídeo se todos custasen o mesmo e o prezo da colección fose o mesmo que o calculado no anterior apartado?

Exercicio 3

[1,75 puntos: 0,25 puntos a primeira, a segunda e a quinta, e 0,50 puntos a terceira e a cuarta]

Un vaso con forma cilíndrica ten como base un círculo de 40 cm².

- a) Complete a seguinte táboa co volume de auga que hai no vaso segundo a altura de auga.

Altura (cm)	2	6	8	10	12	18	20
Volume							

- b) En que unidades se obtén o volume de auga na táboa anterior?
- c) Que tipo de proporcionalidade teñen a altura e o volume de auga? Por que?
- d) Represente os datos da táboa anterior nun gráfico. Que tipo de liña se obtén?
- e) Cantos litros de auga hai no vaso cando a altura da auga é de 20 cm?

Exercicio 4

[2,50 puntos: 0,25 puntos cada cuestión]

Sinale se son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións. No caso das falsas, poña un exemplo que o demostre ou escriba a resposta correcta, xa que no caso de que non poña o exemplo non será cualificada [2,50 puntos: 0,25 puntos cada cuestión]


- a) Se a suma de dous números enteiros é positiva, os dous números son positivos.
- b) A suma de dous números enteiros consecutivos nunca vale 0.
- c) A suma de dous números enteiros negativos é sempre un número enteiro negativo.
- d) A suma de dous enteiros de distinto signo é sempre menor que o maior deles.
- e) Se o produto de varios números enteiros é negativo, entón hai un só factor negativo.
- f) O erro cometido ao redondear ás decenas a suma $2567 + 1941$ é 8.
- g) $(+12) : (+3) = (-4) \cdot (+1)$
- h) $(-9) : (+9) = (-1) \cdot (-1)$
- i) Ao mercar un coche que custa 18.000 EUR fan un desconto do 20%, polo que o que cómpre pagar é 3.600 EUR.
- l) A altura dun rapaz era de 160 cm e nun ano aumentou o 6%. Agora a súa altura é maior que 172 cm.

Exercicio 5

[1 punto: 0,75 puntos polo esquema ben realizado e 0,25 pola descrición]

Realizar un esquema gráfico e describir o funcionamento dun timbre dos existentes nas entradas das casas.

Exercicio 6




[1,50 puntos: 0,50 puntos por cada proxección correcta]

Debuxar a man alzada a planta, o perfil e o alzado da figura anterior

Exercicio 7

[1 punto: 0,25 pola primeira e a segunda, e 0,50 pola terceira]



Lanzamos dous dados sobre unha mesa, un azul e outro vermello, e anotamos os resultados dos lanzamentos. Responda ás seguintes cuestións:


- a) Que representa o punto marcado?

- b) Represente os posibles resultados de obtermos 9 puntos na suma dos resultados.
- c) Cal é a probabilidade de obtermos 10 puntos? E a de obtermos 8 puntos? Cal é maior? Por que?

3. Solución completa con pautas de corrección e de puntuación

Exercicio 1

O seguinte gráfico amosa os quilogramos de residuos por cada persoa e ano en varios países do mundo, nun determinado ano.



Na seguinte táboa amósase o que se fixo co lixo en España no mesmo ano:


Incineración sen recuperación de enerxía	1 %
Incineración con recuperación de enerxía	3 %
Compostaxe	12 %
Vertido controlado	59 %
Vertido incontrolado	25 %

Responda ás seguintes cuestións [1,50 puntos: 0,75 a primeira e 0,25 as tres restantes]

- a) Sabendo que no ano ao que están referidos os datos a poboación de España era 39.000.000 de habitantes, a de Portugal 9.884.000 habitantes e a de EE UU 263.000.000 habitantes, can-

tas toneladas de lixo se produciron en España nese ano? Cantas en Portugal? Cantas nos EE UU?

- España: $39.000.000 \text{ habitantes} \times 322 \text{ kg/habitante} = 12.558.000.000 \text{ kg} = 12.558.000 \text{ toneladas}$ **[0'25 puntos]**
 - Portugal: $9.884.000 \text{ habitantes} \times 237 \text{ kg/habitante} = 2.342.508.000 \text{ kg} = 2.342.508 \text{ toneladas}$ **[0'25 puntos]**
 - EE.UU.: $263.000.000 \text{ habitantes} \times 864 \text{ kg/habitante} = 227.232.000.000 \text{ kg} = 227.232.000 \text{ toneladas}$ **[0'25 puntos]**
- b) Cantas toneladas de lixo se incineraron en España sen recuperación de enerxía nese ano?
- Sen recuperación de enerxía incinerouse o 1%, polo que, como se produciron 12.558.000 toneladas, o resultado é 125.580 toneladas. **[0'25 puntos]**
- c) Nese ano en España consumíronse cinco millóns de toneladas de papel. Dous quintos desa cantidade foron reciclados. Cantas toneladas se reciclaron?
- A resposta é as $\frac{2}{5}$ partes do total do consumo, isto é $\frac{2}{5} \times 5.000.000 \text{ toneladas} = 2.000.000 \text{ toneladas}$ recicladas. **[0'25 puntos]**
- d) Debuxe un diagrama de sectores que represente o que se fixo co lixo durante ese ano en España. **[0'25 puntos]**



Exercicio 2

Responde ás seguintes cuestións [0,75 puntos: 0,25 puntos cada unha]

Unha colección de vídeos ten 80 títulos. Os dous primeiros saen como promoción a 12 EUR, dous terzos do resto véndense a 12,50 EUR cada un e o resto véndese a 13 EUR cada un.

- a) Se mercamos só os primeiros 55 vídeos, canto nos custarán?
- Quitados o primeiro e o segundo, restan 78 vídeos. Destes 78, dous terzos (é dicir os 52 seguintes) véndense a 12 EUR e o último terzo (é dicir os últimos 26) a 13'50 EUR.

- Temos, xa que logo, que os 55 primeiros vídeos custarán o seguinte: 12 EUR (dos dous primeiros) + 52 x 12'50 EUR (dos 52 seguintes) + 1 x 13 EUR (do que fai o número 55) = 675 EUR **[0'25 puntos]**
- b) Cal é o prezo completo da colección?
 - 12 EUR + 52x12'50 EUR + 26x13 EUR = 1.000 EUR **[0,25 puntos]**
- c) Canto debería custar cada vídeo se todos custasen o mesmo e o prezo da colección fose o mesmo que o calculado no anterior apartado?
 - Como o custo da colección é de 1.000 EUR, cada vídeo debería custar 1.000 EUR/80 = 12,50 **[0'25 puntos]**; este apartado valorarase igual aínda que o prezo obtido no apartado b) sexa incorrecto, sempre que o procedemento de cálculo sexa correcto]

Exercicio 3

[1,75 puntos: 0,25 puntos a primeira, a segunda e a quinta, e 0,50 puntos a terceira e a cuarta]

Un vaso con forma cilíndrica ten como base un círculo de 40 cm².

- a) Complete a seguinte táboa co volume de auga que hai no vaso segundo a altura de auga.

Altura (cm)	2	6	8	10	12	18	20
Volume	80	240	320	400	480	720	800

- **[0,25 puntos se a totalidade dos datos anteriores é correcta]**
- b) En que unidades se obtén o volume de auga na táboa anterior?
 - En centímetros cúbicos (cm³). **[0,25 puntos]**
- c) Que tipo de proporcionalidade teñen a altura e o volume de auga? Por que?
 - Teñen proporcionalidade directa, xa que ao aumentar a altura aumenta o volume. **[0,50 puntos]**
- d) Representa os datos da táboa anterior nun gráfico. Que tipo de liña se obtén?
 - A representación correcta debe ser unha recta. Porén, considerarase correcta a resposta, e asignanse 0,25 puntos, se os puntos están ben representados, aínda que debido a unha posible falta de proporcionalidade nos eixes, a liña non sexa recta. **[0,50 puntos]**
- e) Cantos litros de auga hai no vaso cando a altura da auga é de 20 cm?
 - Cando a altura é 20 cm, hai 800 cm³, o que equivale a 0,80 litros. **[0'25 puntos]**

Exercicio 4

[2,50 puntos: 0,25 puntos cada cuestión]

Sinale se son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións. No caso das falsas, poña un exemplo que o demostre ou escriba a resposta correcta, xa que no caso de que non poña o exemplo non será cualificada. [2,50 puntos: 0,25 puntos cada cuestión]

- a) Se a suma de dous números enteiros é positiva, os dous números son positivos.
 - Falso: por exemplo $17 + (-9) = 8$. **[0,25 puntos]**
- b) A suma de dous números enteiros consecutivos nunca vale 0.
 - Verdadeiro **[0,25 puntos]**
- c) A suma de dous números enteiros negativos é sempre un número enteiro negativo.
 - Verdadeiro **[0,25 puntos]**
- d) A suma de dous enteiros de distinto signo é sempre menor que o maior deles.
 - Verdadeiro. **[0,25 puntos]**
- e) Se o produto de varios números enteiros é negativo, entón hai un só factor negativo.
 - Falso: por exemplo $(-2) \cdot (-3) \cdot (-4) = -24$, que é negativo, e hai tres factores negativos. **[0,25 puntos]**
- f) O erro cometido ao redondear ás decenas a suma $2567 + 1941$ é 8.
 - Falso: a suma é $2567 + 1941 = 4508$, se o redondeamos ás decenas sería 4.510, polo que o erro cometido é 2. **[0,25 puntos]**
- g) $(+12) : (+3) = (-4) \cdot (+1)$
 - Verdadeiro **[0,25 puntos]**
- h) $(-9) : (+9) = (-1) \cdot (-1)$
 - $(-9) : (+9) = -1$ e $(-1) \cdot (-1) = 1$ Falso **[0,25 puntos]**
- i) Ao mercar un coche que custa 18.000 EUR fan un desconto do 20%, polo que o que cómpre pagar é 3.600 EUR.
 - Falso: se o desconto é do 20% supón 3.600 EUR, polo que o que cómpre pagar é 14.400 EUR. **[0,25 puntos]**
- l) A altura dun rapaz era de 160 cm e nun ano aumentou o 6%. Agora a súa altura é maior que 172 cm.
 - Falso: se aumentou un 6%, medrou 9,60 cm, polo que a súa altura actual é 169,50 cm. **[0,25 puntos]**

Exercicio 5

[1 punto: 0,75 puntos polo esquema ben realizado e 0,25 pola descrición]



Realizar un esquema gráfico e describir o funcionamento dun timbre dos existentes nas entradas das casas.

- Considerarase válido calquera sistema que poida realizar a función que se pide, é dicir, un timbre. En todo caso, deberá conter un pulsador, a liña necesaria para a condución da corrente ata o mecanismo e o mecanismo do timbre.
- O feito de que algún dos anteriores elementos non estea presente no esquema suporá que non se cualifique a pregunta.

Exercicio 6


[1,50 puntos: 0,50 puntos por cada proxección correcta]

Debuxar a man alzada a planta, o perfil e o alzado da figura anterior.




Exercicio 7

[1 punto: 0,25 pola primeira e a segunda, e 0,50 pola terceira]



Lanzamos dous dados sobre unha mesa, un azul e outro vermello, e anotamos os resultados dos lanzamentos. Responda ás seguintes cuestións:

- a) Que representa o punto marcado?
 - O punto marcado representa o suceso no que no dado azul sae un 1 e no vermello un 3. **[0,25 puntos]**
- b) Represente os posibles resultados de obtermos 9 puntos na suma dos resultados. **[0,25 puntos]**



- c) Cal é a probabilidade de obtermos 10 puntos? E a de obtermos 8 puntos? Cal é maior? Por que?

- Como se pode ver, en total hai 36 posibles resultados. Debemos calcular o número de casos nos que a suma das puntuacións sexa 10. Estes casos son os seguintes:

Dado azul	4	5	6
Dado vermello	6	5	4
Suma	10	10	10

- Como se pode ver, hai tres casos nos que a suma é 10, polo que a probabilidade é $p = \frac{3}{36} = \frac{1}{12}$. **[0,25 puntos]**
- Facendo o mesmo razoamento para a probabilidade de obtermos a suma de 8 puntos temos:

Dado azul	2	3	4	5	6
Dado vermello	6	5	4	3	2
Suma	8	8	8	8	8

- Como se pode ver, hai cinco casos nos que a suma é 8, polo que a probabilidade é $p = \frac{5}{36}$.
- É maior a probabilidade de obtermos a suma 8 que a suma 10, xa que $\frac{5}{36} > \frac{3}{36}$ ($\frac{5}{36}$ é maior que $\frac{3}{36}$). **[0,25 puntos]**

**Dirección Xeral de Formación Profesional e
Ensinanzas Especiais**

**Probas de acceso a ciclos formativos
de grao medio**

Parte sociocultural

**Xeografía, historia e
sociedade**

Índice

1.Formato e duración.....	3
2.Exercicio	3
Pregunta 1.....	3
Pregunta 2.....	3
Pregunta 3.....	4
Pregunta 4.....	4
Pregunta 5.....	5
Pregunta 6.....	5
3.Solución completa con pautas de corrección e de puntuación	6
Pregunta 1.....	6
Pregunta 2.....	6
Pregunta 3.....	7
Pregunta 4.....	7
Pregunta 5.....	8
Pregunta 6.....	9


1. Formato e duración

A duración aproximada do exercicio será de 60 minutos.

A proba constará de seis exercicios que combinarán respostas abertas e de tipo test. Ademais haberá respostas de sinalización nun mapa, nun gráfico ou noutro tipo de documento.

2. Exercicio

Pregunta 1



[1,00 punto: 0,20 cada elemento]

Indique no globo terráqueo os seguintes elementos xeográficos: Polo Norte, Hemisferio Sur, Trópico de Cáncer, Círculo Polar Ártico e Ecuador.

Pregunta 2

[1,00 punto: 0,20 por cuestión]

Escriba no lugar correspondente as características do mundo contemporáneo que se contraponen ás do Antigo Réxime que figuran no cadro.

Antigo Réxime	Mundo contemporáneo
Sociedade estamental	

Agricultura de subsistencia	
Sector secundario artesanal	
Sistema político absolutista	
Desigualdade ante a Lei	

Pregunta 3

[2,00 puntos: 0,20 cada asociación correcta].

Identifique cada concepto da primeira columna coa definición correspondente da segunda columna, colocando no seu lugar o número correspondente.

TERMOS	Nº	Nº	DEFINIÇÕES
Movemento de traslación		1	A lei básica e fundamental de todos os cidadáns españois. Recolle os dereitos fundamentais e os principios básicos que articulan a convivencia en España.
Balanza comercial		2	Persoa que chega a un país procedente de outro coa intención de se establecer nel.
Hominización		3	É o movemento da Terra arredor do Sol.
Costa da Morte		4	É un indicador que expresa o número de nados nun ano nunha zona concreta que pode ser un país, unha comunidade, unha comarca, etc.
Desertización		5	Zona costeira galega comprendida entre as Illas Sisargas e o cabo Touriñán coñecida polos seus cantís, a actividade mariñeira das vilas e as desgrazas marítimas que acontecen nas súas rochas.
Natalidade		6	É un indicador económico que expresa a diferenza entre as importacións e as exportacións de mercadorías dun país.
Constitución Española de 1978		7	Explotación agrícola de reducidas dimensións que se caracteriza pola súa baixa rendibilidade.
Inmigrante		8	É a denominación que se lle dá ao proceso de evolución dos homínidos ata se converteren no home actual.
Minifundio		9	É o proceso continuado ao longo do tempo de transformación dun terreo en deserto, polo que desaparece a súa cuberta vexetal e se produce a perda da materia orgánica por causa da erosión e outras causas naturais.
Centro histórico da cidade		10	Núcleo antigo, central, xeralmente con edificios antigos e monumentos, que pode estar recuperado como zona de espaxamento, cultural e administrativa.

Pregunta 4


[2,00 puntos: 0,20 por resposta]

Indique no cadro cun (V) se son verdadeiras ou cun (F) se son falsas as seguintes afirmacións:

a) Galicia presenta un crecemento demográfico negativo, segundo o padrón do ano 2000	
b) O período que xurdiu despois da crise mundial de 1929 denominouse a Gran Depresión	

c) A dinastía que reinou en España na maior parte dos séculos XVIII, XIX e XX foi a dos Austrias	
d) O continente máis poboado do mundo é Asia	
e) Ás diversas áreas da cidade que posúen personalidade propia se lles denomina barrios	
f) As relacións sociais entre os señores feudais e os servos denominábanse relacións estamentais	
g) Un mapa é a representación gráfica da realidade a escala, mediante cores, signos e símbolos	
h) No plano político, a Grecia antiga estaba dividida en múltiples estados independentes que os propios gregos denominaban "polis"	
i) O sector secundario caracterízase pola produción de servizos	
l) A escrita exipcia denominábase cuneiforme	

Pregunta 5



[2,00 puntos: 0,20 por elemento]

Sitúe no mapa que se acompaña os seguintes elementos xeográficos, pondo o seu nome no lugar axeitado:

Cidades: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela.

Cabos: Fisterra, Ortegal e Estaca de Bares.

Ríos: Tambre e Lérez.

Pregunta 6

[2,00 puntos]


Faga unha pequena redacción que desenvolva brevemente o seguinte tema: “Desigualdades na distribución da poboación no mundo: o problema da superpoboación”.

3. Solución completa con pautas de corrección e de puntuación

Pregunta 1

[1,00 punto: 0,20 cada elemento]

Indique no globo terráqueo os seguintes elementos xeográficos: Polo Norte – Hemisferio Sur – Trópico de Cáncer – Círculo Polar Ártico – Ecuador.



Pregunta 2

[1,00 punto: 0,20 cada cuestión]

Escriba no lugar correspondente as características do mundo contemporáneo que se contraponen ás do Antigo Réxime que figuran no cadro.

Antigo Réxime	Mundo contemporáneo	Puntuación
Sociedade estamental	Sociedade de clases.	[0,20 puntos]
Agricultura de subsistencia	Agricultura de mercado. Agricultura comercial.	Calquera das dúas: [0,20 puntos]
Sector secundario artesanal	Sector secundario industrial. Industria.	Calquera das dúas: [0,20 puntos]
Sistema político absolutista	Sistema político liberal. Democracia.	Calquera das dúas: [0,20 puntos]
Desigualdade ante a Lei	Igualdade ante a Lei.	[0,20 puntos]

Pregunta 3

[2,00 puntos: 0,20 cada asociación correcta]

Identifique cada concepto da primeira columna coa definición correspondente da segunda columna, colocando no seu lugar o número correspondente.

TERMOS	Nº	Nº	DEFINIÇÕES
Movemento de traslación	3	1	A lei básica e fundamental de todos os cidadáns españois. Recolle os dereitos fundamentais e os principios básicos que articulan a convivencia en España.
Balanza comercial	6	2	Persoa que chega a un país procedente de outro coa intención de se establecer nel.
Hominización	8	3	É o movemento da Terra arredor do Sol.
Costa da Morte	5	4	É un indicador que expresa o número de nados nun ano nunha zona concreta que pode ser un país, unha comunidade, unha comarca, etc.
Desertización	9	5	Zona costeira galega comprendida entre as Illas Sisargas e o cabo Touriñán coñecida polos seus cantís, a actividade mariñeira das vilas e as desgrazas marítimas que acontecen nas súas rochas.
Natalidade	4	6	É un indicador económico que expresa a diferenza entre as importacións e as exportacións de mercadorías dun país.
Constitución Española de 1978	1	7	Explotación agrícola de reducidas dimensións que se caracteriza pola súa baixa rendibilidade.
Inmigrante	2	8	É a denominación que se lle dá ao proceso de evolución dos homínidos ata se converteren no home actual.
Minifundio	7	9	É o proceso continuado ao longo do tempo de transformación dun terreo en deserto, polo que desaparece a súa cuberta vexetal e se produce a perda da materia orgánica por causa da erosión e outras causas naturais.
Centro histórico da cidade	10	10	Núcleo antigo, central, xeralmente con edificios antigos e monumentos, que pode estar recuperado como zona de espaxamento, cultural e administrativa.

Pregunta 4

[2,00 puntos: 0,20 por resposta acertada]


Indique no cadro cun (V) se son verdadeiras ou cun (F) se son falsas as seguintes afirmacións:

a) Galicia presenta un crecemento demográfico negativo, segundo o padrón do ano 2000	V
b) O período que xurdiu despois da crise mundial de 1929 denominouse a Gran Depresión	V
c) A dinastía que reinou en España na maior parte dos séculos XVIII, XIX e XX foi a dos Austrias	F
d) O continente máis poboado do mundo é Asia	V
e) As diversas áreas da cidade que posúen personalidade propia se lles denomina barrios	V
f) As relacións sociais entre os señores feudais e os servos denominábanse relacións estamentais	F
g) Un mapa é a representación gráfica da realidade a escala, mediante cores, signos e símbolos	V
h) No plano político, a Grecia antiga estaba dividida en múltiples estados independentes que os propios gregos denominaban "polis"	V
i) O sector secundario caracterízase pola produción de servizos	F
l) A escritura exipcia denominábase cuneiforme	F

Pregunta 5

[2,00 puntos: 0,20 por elemento]

Sitúa no mapa que se acompaña os seguintes elementos xeográficos, pondo o seu nome no lugar axeitado:



Pregunta 6

[2,00 puntos]

Faga unha pequena redacción que desenvolva brevemente o seguinte tema: “Desigualdades na distribución da poboación no mundo: o problema da superpoboación”.

- Cada aspecto que desenvolva o alumno puntuará 0,50 puntos
 - **O planeta non está poboado por igual.** Hai desigualdades na distribución da poboación no territorio.
 - **Existen zonas moi poboadas no planeta e zonas de baleiros demográficos.**
 - **O concepto de superpoboación relaciona poboación e recursos.**
 - **En moitas zonas do planeta existe un gran desequilibrio entre poboación e recursos.**